

## LÁNZATE A EMPRENDER EN COOPERATIVA

[ Curso en modalidade teleformación ]

DATAS REALIZACIÓN	Do 14 de Setembro ao 2 de Outubro de 2020	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	1 sesión virtual de aprendizaxe. Informarse do horario de atención ao alumnado pola titora.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop Campus Virtual da Universidade de Vigo		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456
		e-mail	Patane@espazo.coop

### INSCRICIÓN [PREME AQUÍ]

#### OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á cidadanía e en especial ás persoas desempregadas que queren coñecer a fórmula do autoemplego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Contribuír a que estas persoas coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas.
- Coñecer a experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

#### PROGRAMA

Módulo 1.- O emprendemento.

Módulo 2.- O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego.

Módulo 3.- Organización e financiamento.

Módulo 4.- Experiencia cooperativa.

#### CONTIDOS

**Sesión virtual.** - Presentación do curso, coñecer o funcionamento da plataforma e materiais: leccións, foros, tarefas e exercicios. Propiciar a toma de contacto entre as participantes. Recepción das participantes, presentación do curso por parte da docente e dinámica de presentación de todas as participantes.

Orientación sobre o avance nos materiais e proposta de traballo para a boa realización do curso e xestión dos tempos de estudio e realización de actividades.

#### METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións .A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

#### DIRIXIDO A

Redes e colectivos inscritos e representativos do sector obxecto de intervención no ámbito local ou comarcal, e persoas das mesmas que actúen como nodos neste sector e/ou teñen vinculación académica e/ou profesional co mesmo.

Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.



Esta actividade enmárcase na Programación da Rede Eusumo 2020. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo, e Economía Social